

Ese lazo que se rompe

María Álvarez Landesa fai deste poemario a presenza eterna dunha nai que para sempre acompañará a quen perdeu a súa condición de filla. Un poemario que procura na infancia a comprensión dunha vida, o sentido do que nos converte no que hoxe somos fronte á ausencia.

[Ramón Rozas](#) 05/mar/25

HAI CERTAS escritas que son pura ferida. Palabras que fan da ausencia un laio de emoción que trascende ao propio autor e sitúa ao lector nesa mesma situación, a da perda do ser querido. *Os pozos elegantes das clavículas*, da viguesa María Álvarez Landesa, é un poemario que **comparte a dor da morte da nai e a rotura dese lazo** absolutamente especial e incomparable con calquera outro que se establece entre unha filla e a súa nai.

Baixo a coidada edición de Alvarellos este **brazado de poemas** parte dese asterisco permanente que se converte en eterno na lembranza dun diagnóstico, desta vez o cancro que anuncia o final e que fai que **pronunciar a palabra morte** estableza un horizonte cheo de incertezas e medos, pero tamén o feito de converter ese tempo nunha experiencia que tense aínda máis ese firme elo das que se transmiten a vida.

Dende unha habitación de hospital, co fondo das Cíes, María Álvarez Landesa acumula toda unha serie de **sensacións e emocións** que a levan a decidir a escrita deste conxunto de poemas, abofé que os máis difíciles de escribir para calquera poeta e dos que a autora sae ben airosa, **fluxando de situacións lacrimóxeas ou gratúitas** para acadar a emoción do lector, e onde todo xorde dun sinceiro arreguizo que artella un conxunto de poemas que son homenaxe, mais tamén agradecemento e, sobre todo, a consolidación dunha voz poética chea da madurez precisa para ollar en fite á morte do ser máis querido.

Unha situación trágica na que María Álvarez Landesa, sempre coa enunciación dese maldito asterisco, atopa nesa experiencia a confirmación final do que supón vivir, ou mellor dito o feito de medrar, ese **«Tatuarse na pel/ a perda da inocencia»**, que entende como a maneira de achegarse a comprender o que suporá esa perda definitiva. Momentos nos que é imprescindible asexar nos recendos da infancia, nas lembranzas cando a nai era unha patria, unha figura que **todo o amparaba baixo a súa vizosa presenza**, e da que irnos pouco a pouco afastando no noso camiño de desenvolvemento persoal.

Abrir a porta a todos eses sabores compartidos, a esas miradas nas que non era precisa a fala, explican por si mesmos todo un **hábitat de complicidades**, moitas veces inconcebibles dende a razón, máis si dende o estremecemento do vivido. Espazos nos que o sensorial atopa moitos anos despois a súa maior relevancia, unha importancia que no seu momento semellaba intrascendente, pero que agora, **asomados ao abismo**, convértense nas mellores probas da vida compartida.

As comidas gozadas pola tribo, os sabores que enguedellaban aos membros da familia ou o valor da festa como ilusión compartida polo clan, transfórmanse agora nun ronsel de sensacións e mesmo de resistencia fronte a novo tempo. Unha sorte de espazo fosilizado ao que volver cando sexa preciso para reafirmar a importancia da figura materna, esa que emerxe constantemente coa dignidade do traballo, do labor da costura, da habelencia das mans. Unha actitude máis vencellada ao físico, **fronte as necesidades máis intelectuais da filla**, moitas veces non entendidas dende a súa continxencia para a vida.

María Álvarez Landesa comparte con nós a necesidade das lecturas, das músicas, da procura da beleza na cultura, tamén como maneira de fornecer ese crecemento persoal e atopar as respostas necesarias ante as permanentes interrogacións coas que **nos asalta ao longo do tempo toda existencia**, e ata o instante último da despedida, cando chega ese inesquecible «sorriso de margaridas», cando finalmente se logra entendelo todo.

É o tempo da ausencia. **O «precipicio da soidade» que se activa cando abres un armario** e atopas un arrecendo. Este contén un pasado dende o olor da que xa non está. De novo as dúbidas, o estremecemento. As leccións de vida dunha nai que non deixan de xurdir aínda que ela xa non estea dándolle o sentido último á nosa propia existencia e a ese silencio que pouco a pouco sedimentou **«nos pozos elegantes das clavículas»** e que agora se converte nun poemario que forma parte dos finalistas como mellor libro de poesía nos Premios Follas Novas do Libro Galego e que tamén podemos escoitar, recitados pola propia autora co acompañamento musical de Paco Dicenta, a través dun código QR que se inclúe neste libro no que, como escribe no seu limiar Míriam Ferradáns, **«a nai que foi toma corpo** na que sempre será mentres estes versos se pronuncien, se lean, se reciten».